

D^o. Tareixa A. Ferreiro Tallón, vicepresidenta da Excm. Deputación de Lugo,
ten o pracer de invitalo/a á inauguración da mostra

RAFAEL ÚBEDA. Cromatismo expresivo

Acto que terá lugar o martes, 1 de outubro de 2019,
ás 20:00 horas na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo
e que contará tamén coa actuación dos violinistas Hugo Rodríguez e Tania Capón.

(Partes desta mostra poden visitarse tamén no Museo Fortaleza de San Paio de Narla,
Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor)

Tel. 982 242 112
www.redemuseisticalugo.org / difusion@museolugo.org

Máis información



Rafael Úbeda.
Cromatismo expresivo

1 outubro
8 decembro
2019

RAFAEL ÚBEDA, CROMATISMO MELÓDICO

Desde a experiencia que lle proporciona a súa continuada e sólida posición como artista, Rafael Úbeda encóntrase, actualmente, nunha etapa na que afronta a creación, trazando unha realidade nunca vista, inmerso no seu particular mundo plástico sonoro, de atrevidas sucesións de formas, equilibrios e contorsións. O propio pintor expresou nalgunha ocasión: "...a miña pintura camiña cara a unha continuada síntese; eu diría cara á máxima esencia, pero sen desbotar a figuración, por moi deformada que a presente, pois sinto viva necesidade desa tensión que a propia vida nos ofrece, xa que a nosa máis enérxica obsesión nos despraza -antes que nada- ao noso eu, con todas as súas manifestacións, alegres ou dramáticas. Interésame o dinamismo, a procura de novas formas, o ritmo e a modalidade que constitúen «esencia», as sucesivas improntas de cor ben marcadas, para conseguir ese difícil resultado expresivo”...

Pilar Corredoira
Historiadora de Arte Contemporáneo



CROMATISMO EXPRESIVO



Exultación irrefreable. Expresividade explosiva. Os sons, as voces, ao fin inaudibles, invaden a mente do espectador, porque os seres que po-boan estas superficies apodéranse, aprópanse, dominan non só a mirada de quen as contempla, senón os seus oídos, o seu corpo todo, que idealmente se aproxima ata tocalas e intégrase nelas e forma parte desa fanfarra expansiva, centrífuga, tras sentirse provocado por eses rostros sinópticos, caricaturescos, por quen son, paradoxalmente, síntese e colmo, principio e mundo acabado.

Mans con tocos sinalan, provocan, identifican, obrigan, mellor, a entrar, a fundirse e absorberse na danza sonora, na disparatada orquestración provocante, porque quen a ese tronso foi por obriga sometido, sabe que terá que renunciar á fuxida, a todo posible abandono xa que, irremediabilmente, formará nel. Tal é o poder da súa comunicación...

Francisco Pablos
Real Academia de Belas Artes de Galicia